

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	Castro da Uz	Pontes de García Rodríguez (As)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CMFME02	Soldadura e caldeiraría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0096	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0096_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0096_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LORENA MARIA ANCA ANTÓN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa Nervión Naval Offshore S.L

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	7	10
2	A prevención de riscos laborais	Condições de seguridade e ambiente e traballo saudable. Danos derivados do traballo e acción preventiva.	14	10
3	Os riscos profesionais	Factores de risco presentes no posto de traballo	15	10
4	A aplicación da prevención e protección na empresa	Proceso de elaboración do plan de autoprotección. Secuencia de medidas e prioridade na intervención. Documentación a cumprir. Primeiros auxilios	18	10
5	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	0	0
6	O traballo en equipo e os conflitos	Funcionamento do grupo de traballo e formas de traballo en equipo. Roles nos equipos de traballo e comunicación grupal. Factores xeradores de conflitos e resolución. A negociación e as súas fases.	10	10
7	A relación laboral e o contrato de traballo	Requisitos da relación laboral. Dereitos e deberes dos traballadores. Tipos de contratos de traballo. Tempo de traballo e retribución	22	10
8	A representación dos traballadores e a negociación colectiva.	Relacións laborais colectivas, conflitos e negociación.	8	10
9	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	Cambios, interrupcións e cese das condicións de traballo.	8	10
10	A Seguridade social e a protección por desemprego	O sistema da Seguridade Social e as súas prestacións. A protección en situacións de desemprego.	14	10
11	A procura de emprego	O mercado laboral, a Formación profesional e as actitudes e aptitudes para o desenvolvemento da actividade profesional. As técnicas de busca de emprego, as ofertas laborais e a selección de traballadores	12	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	7

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valórase a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valórase a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

4.1.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A prevención de riscos laborais	14

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector das industrias transformadoras do metal.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

4.2.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Os riscos profesionais	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector de soldadura e caldeiraría en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da fabricación mecánica.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A aplicación da prevención e protección na empresa	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Formación en empresa.	0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O traballo en equipo e os conflitos	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en soldadura e caldeiraría e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.6.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector da soldadura e caldeiraría segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A relación laboral e o contrato de traballo	22

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.8 Analízase o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.7.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A representación dos traballadores e a negociación colectiva.	8

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.8.e) Contidos

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría. Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	8

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

4.9.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	A Seguridade social e a protección por desemprego	14

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.10.e) Contidos

Contidos
A Seguridade Social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da Seguridade Social.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	A procura de emprego	12

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.11.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en soldadura e caldeiraría.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Os criterios de avaliación indicados como mínimos en cada unidade didáctica.

No proceso de avaliación continua realizaranse diferentes avaliacións. Durante as mesmas levaranse a cabo unha serie de actividades de avaliación co obxecto de coñecer e valorar o traballo do alumnado e o grao no que se van logrando os obxectivos previstos durante o proceso ensino-aprendizaxe, así como cuantificar o grado de consecución dos obxectivos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación do alumnado farase en función dos seguintes apartados:

Apartado A) 70%: Probas escritas, teóricas, prácticas ou teórico-prácticas: consistirá na realización dunha ou varias probas, individuais por avaliación. Plantexaranse cuestións tipo test (unha única resposta e/ou resposta múltiple, así como opción verdadeiro/falso), e/ou preguntas cortas e/ou exercicios ou supostos prácticos relacionados cos contidos impartidos.

As preguntas tipo test, se o docente o considera oportuno, poderán puntuar negativamente os erros segundo o criterio que o docente considere oportuno (exemplo: cada tres preguntas mal, descontarase unha pregunta ben)

As probas serán realizadas dunha soa unidade didáctica ou varias conxuntamente, segundo o docente considere mais adecuado, e o número de preguntas poderá variar dunha proba a outra.

Califíranse cada unha delas de 1 a 10 puntos, esixíndose un mínimo de un 5 para superalo. No caso de realizar máis dunha proba por avaliación farase media entre elas. Para aprobar, poderase facer media cun 4,5 nunha das probas, sempre e cado a media de todas elas sexa mínimo de un 5.

Apartado B) 30%: cada alumno/a será avaliado polo seu traballo e dedicación diarios, tanto individual como en grupo, valorándose no só os coñecementos que vai adquirindo senon tamén a realización das tarefas e traballos propostos así como a entrega puntual dos mesmos.

Nos traballos ou exercicios teóricos:prácticos que se recomenden elaborar valorarase:

-O emprego correcto dunha terminoloxía específica.

-Terase en conta a falta de limpeza, de claridade, a desorden ou descuido na presentación dos traballos, así como a súa presentación fora de prazo. Cando o docente o considere o feito de entregar un traballo ou actividade fora do prazo establecido, significará a non cualificación do mesmo. - O plaxio, copias e reproducións de calquera índole non serán puntuadas, teñen que ser orixinais.

-Nos traballos ou proxectos realizados polo alumno/a como integrante dun grupo ou equipo ademais do resultado ou produto final terase en conta o grao de participación, investigación, implicación e aporte de cada un dos seus membros de xeito individual. Se un alumno/a non colabora, ou entorpece a boa marcha, para a consecución do obxectivo do grupo, será avaliado negativamente, independentemente do traballo entregado en conxunto, sendo a nota de cada un dos membros INDIVIDUAL e independente da do resto, para iso comprobarase que efectivamente traballou activamente na consecución dos resultados a través dunha proba de CONTRATEE oral ou escrita (entrevista, enquisa, diálogo, resumo, etc) avalando segundo os casos: grao de coñecemento dos contidos, conceptos, trámites, fontes de información utilizadas, documentos ou operacións, análise e interpretación e capacidade de razoamento na solución de problemas.

Para aprobar cada avaliación a nota mínima será de 5 sobre 10. O redondeo da nota para obter as notas enteiras farase do seguinte xeito: os decimais iguais ou maiores a cinco redondearase ao alza, ao número enteiro máis cercano. Os decimais menores de cinco, á baixa.

A nota final do módulo será a media ponderada de cada avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1.- En cada avaliación faranse unha ou varias probas escritas teórico-prácticas e unha recuperación de cada proba, podéndose efectuar estas

últimas, dentro do período lectivo que corresponda a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do período lectivo efectuarase unha proba final para verificar a adquisición dos contidos mínimos por parte do alumnado con partes suspensas do módulo.

3.- As probas valoraranse de 1 a 10 puntos. Consideraranse superadas cando o alumno acade 5 ou máis puntos.

4.- As probas e seguimento do proceso serán levados a cabo polo docente que imparte os módulos no presente curso académico.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Como se rixe polo réxime de adultos non existe a perda de avaliación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Farase un seguimento mensual da programación no que se recollerá o grao de cumprimento da mesma, así como as medidas correctoras que se apliquen de ser necesarias, e a especificación das causas que as motivaron. Este seguimento recollerase no Libro de Actas do Departamento. Por outra banda, os resultados académicos reflectidos nas actas das avaliacións parciais e final rexistrarán o cumprimento dos obxectivos específicos de aprendizaxe.

Así mesmo, na memoria de departamento que se fai ao final do curso académico especificaránse as medidas a adoptar cara a programación do curso seguinte no caso de non acadar algún dos obxectivos específicos previstos

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Farase unha avaliación inicial para determinar o grao de coñecementos ou nivel de preparación de partida do alumnado. Para elo, nos primeiros días de clase, proporase aos alumnos unha batería de preguntas orais sobre os conceptos relacionados co módulo que se vai impartir, etc.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A nosa intervención educativa co alumnado asume un dos principios básicos a ter en conta: os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus intereses e motivacións. Para dar resposta a estas necesidades, efectuaranse actividades complementarias de reforzo, coas que se poderá atender ás diversas necesidades de aprendizaxe.

O alumnado que non alcade os mínimos esixibles poderá voluntariamente realizar exercicios de reforzo que propondrá o docente para cada unha das Unidades Didácticas do módulo.

Ademais como se prevé no apartado 6.a) , este alumnado terá dereito a probas específicas de recuperación de contidos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Trataranse temas transversais específicos para cada Unidade Didáctica, por exemplo educación responsable para o consumo, igualdade de oportunidades entre sexos, non discriminación, non explotación laboral, etc. Os temas trataranse a través de comentarios na clase ou de novas de prensa, ou vídeos e terán como finalidade desenvolver no alumnado a capacidade de reflexión e crítica e a aprendizaxe de contidos actitudinais que o día de mañán lles servan para participar na sociedade como cidadáns democráticos e responsables

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Intentaranse facer saídas a diferentes empresas ou outros centros de FP co fin de que o alumnado coñeza outras formas de traballar e outras máquinas. Así tamén intentaremos asistir a feiras do sector ou de FP.

10. Outros apartados**10.1) SUSPENSIÓN DAS CLASES PRESENCIAIS POR COVID NESTE CURSO ESCOLAR**

No caso de suspensión de clases o alumnado empregará a aula virtual para a realización de actividades e visualización de contidos teóricos. Nun principio plantéxanse actividades para a súa realización na aula de xeito presencial, pero que poden ser adaptadas á aula virtual no caso de ser necesario.